

**“Ilumina o camiño coa túa estrela” para o Xacobeo 2027**

Páxina 3

**Restauración lingüística no cemiterio de Lira**

Páxina 7

**O músico Rafael Carracedo será o pregoeiro do Corpus**

Páxina 7

**O BNG reclama o BIC para a Fonte de Troncoso**

Páxina 8

**Renovación na Carballeira do Cacharado**

Páxina 9

**Pablo López, Antonio Orozco e Sergio Dalma no Porriño**

Páxina 13

**“Sendero Azul” para o Paseo do Louro**

Páxina 14

**Salceda organiza o III Festival solidario de Cáritas Louriña**

Páxina 15

**Zona Franca e Vigo acordan reformar a ETEA**

Páxina 16



## A rapazada do CEIP O Pombal abre o camiño para a “Primavera das Letras”

Páxina 16

## Fondos europeos para “transformar Ponteareas”

Páxina 5



**DUAL®**  
**pik**

“Sin duda, el mejor colchón de Pikolin.”

CON DIFERENTES LECHOS PARA CADA MIEMBRO DE LA PAREJA

**pikolin**

**BOINSCON CENTER**

**euronics**

Concha Brey, 4  
PONTEAREAS  
Teléfono: 986 640 115  
609 85 14 52

**Sabemos lo que necesitas**  
Todo pensado para ti

## EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director



## A grande estupidez da esquerda

Tratando de ordenar os meus papeis, notas, escritos e demais atopeime cunha copia dunha entrevista que Neus Tomás (experta cronista política colaboradora de varios medios) lle fixo a Rob Riemen en setembro de 2023.

Dirán Vdes. que así copiando doutras persoas calquera fai un editorial. É verdade sempre que esa persoa teña a man un material informativo que sexa, ou entenda que pode ser moito mais útil aos posibles lectores que o que el/ela lles puidera ofrecer.

Este é o caso. Cando rematen de ler o texto estou seguro que me van dar a razón. Cando temos algo bo, moi bo, a man, para que imos enmerdarllela plana.

Rob Riemen (Países Baixos, 1962) responde ao retrato dun humanista do século XXI. Con independencia dos poderes económicos e políticos. Fundador e presidente de Nexus Instituut convertiu esta institución nun dos centros de reflexión filosófica e cultural de referencia mundial.

Polo seu último ensaio, "El arte de ser humanos. Cuatro estudios" desfilan Sócrates, Thomas Mann, Spinoza, Primo Levi, Goethe ou Camus, entre outros, para ensinarnos a entender que vivir non é unha ciencia. "A ciencia pode explicar moito, pero a condición humana e a nosa sociedade son algo distinto. Cando a sociedade está totalmente invadida polas mentiras e pola estupidez non nos debería sorprender que Trump poida volver a ser presidente de EEUU", alerta. Tiña razón. Aí temos a Trump de novo.

No seu último libro dinos que vivir non é unha ciencia, é unha arte. Pero, existe unha forma correcta de vivir? "Vivir é unha arte porque se fora unha ciencia habería definicións, protocolos e unha resposta clara á pregunta de qué quere dicir ser humano. Pero non existe; por iso é unha arte.

No "Tratado de Wittgenstein" dise que incluso se resolvéramos todos os problemas que propón a ciencia non estaríamos acercándonos aos interrogantes da vida. A ciencia pode explicar moito, pero a condición humana e a sociedade son algo totalmente distinto. Por iso as humanidades erran cando intentan copiar á ciencia.

Na película "Barbie" a verdade absoluta aparece cando a protagonista está cantando e bailando coas súas amigas e de repente pregunta se alguén tiña pensado na morte. A música para e todo o mundo deixa de



bailar. Parece unha cousa moi dura, pero pensar na morte é o que nos fai humanos. Saber que nacemos e morreremos e que entre unha cousa e a outra faremos algo que se chama vida. E teremos que facer fronte ás preguntas da vida: quen son? Que vou facer coa miña vida?

Cales son as preguntas que considera non poden ser respondidas pola tecnoloxía, a ciencia ou o diñeiro?

Unamuno tiña un libro, "Del sentido trágico de la vida", que mostra que non podemos escapar das traxedias e ao final temos que confrontarnos coas dificultades. A vida faranos caer nalgún momento e teremos que responder ás preguntas difíciles: Por que me pasa isto?; Por que perdo a saúde e o emprego?; Por que esa persoa a que tanto quero morreu? Nacemos, crecemos e temos que tomar decisións: que estudar, se queremos compartir a nosa vida con alguén ou ter fillos...Todas estas preguntas lévanos á grande pregunta: Que fai que a miña vida teña sentido? Nin a ciencia nin a tecnoloxía poden responder a esta pregunta e se pensamos que o fará o diñeiro é que somos idiotas.

En que tipo de sociedade vivimos agora? Non vivimos nunha democracia senón nunha democracia de masas. Na primeira poderíamos cultivar os valores morais e aceptar as nosas responsabilidades, pero nunha democracia de masas os valores culturais non valen e só valen os instintos e os medos. A nosa clase política está chea de demagogos que só miran polos seus intereses e destrúen o sistema educativo que fomenta valores culturais. Non nos podemos estrañar do novo aumento do fascismo.

Vde. é especialmente crítico co papel

das universidades. Chega a dicir que lonxe de exterminar as larvas da ignorancia e o fanatismo fan o contrario, aliméntanos. Non hai solución?

Si, hai solución, pero primeiro temos que recoñecer que as universidades non o son realmente. No seu estudio sobre a crise da educación, Hannah Arendt escribiu que vivimos nun momento de crise da civilización. Igual que agora, a que se lle engadiu a crise climática. A raíz de todas as crisis é a crise da educación.

Temos que recuperar o significado real das palabras, como democracia, educación ou universidade. Educar significa crecer, e para ser un adulto precisamos educación. É un proceso.

Nietzsche xa dixo en 1874 que a escola da civilización tiña rematado porque a universidade tiñase reducido ao que era bo para o Estado e para a economía. Segue sendo unha verdade coma un templo. As universidades son responsables da estupidez que invadiu as nosas sociedades. Aos meus alumnos dígolles que na universidade non se aprende nada no campo das humanidades. A partires de aquí poderemos reconstruír as universidades.

Se a universidade non é o lugar onde aprender, trasládolle unha idea do filósofo José Antonio Marina: Onde atopamos a vacina contra a estupidez?

E unha vacina contra a corrupción! Maquiavelo reflexionou sobre a caída do imperio romano, que para el era o grande exemplo do que debería ser a civilización. Segundo Maquiavelo, o imperio caeu porque había bárbaros dentro e fora do imperio e os bárbaros eran corruptos, un grupo decadente de persoas que so se interesaban por eles mesmos; unha corrupción que non se podía combater porque as leis facíanas eles. Maquiavelo di que as institucións deberían volver aos seus principios e a enerxía coa que comezou a civilización.

Durante os últimos anos EEUU foi o noso imperio romano. Aplicando a receita de Maquiavelo imaxinemos que a socialdemocracia volta aos seus principios e se dan conta de que o progresismo significa elevar ás persoas e apartarse do neoliberalismo; os liberais volven tamén aos seus principios e se dan conta da esencia do liberalismo; que as universidades volven

aos seus educandos en vez de ser unha máquina de facer diñeiro; que as editoriais volven aos seus principios e publican só libros que realmente importan. A esencia da civilización é a capacidade de dicir "non" á Intelixencia Artificial; non á maneira de lavar o cerebro da xente nova dicindo que precisan un título ou non serán nada na vida.

Existen estatísticas que apuntan a que os países que invirten en educación e cultura son máis estables, máis democráticos e cunha maior distribución da riqueza. Algo que non sempre teñen en conta os gobernos. Pero sen os políticos iso non pode facerse, non?

Eu penso que si o podeades facer sós. Acabas de facer referencia á maior mentira a que temos que enfrontarnos; o cambio de paradigma que se instalou hai 100 anos: a substitución da calidade pola cantidade. Todo se reduce a números. Número de consumidores, de votantes...Todo se clasifica. Os economistas convertéronse nos líderes porque todo se basea en cifras e o crecemento. Non importa o que lle fagamos ao planeta e as nosas vidas porque no mundo dos números o mellor é a cifra máis alta. Tomámonos en serio a influencers que nada teñen que dicir só porque teñen millóns de seguidores.

Pensemos que o nosa sociedade aínda non é tan totalitaria como China, Rusia ou Arabia Saudita e que podemos cambiar o tipo de políticos que temos. Como é posible que alguén coma Trump poida volver ser elixido? Cando a sociedade está totalmente invadida polas mentiras e pola estupidez non vos debería sorprender que estas cousas pasen.

Un dos problemas que diagnostica é que non aprendemos as leccións da historia porque non a coñecemos. Explica isto o crecemento de fenómenos populistas e que a extrema dereita estea gañando terreo?

Si, é así. Aínda que teñamos que dicir algo a favor das xeracións novas. Eu teño 60 anos e considero novo a calquera que teña menos de 40. Esta xeración non pediu vivir nesta sociedade. A miña, sen embargo, os "boomers" aínda crecemos nunha sociedade na que tiñamos que ler libros. Moitos daqueles autores, Semprún, Primo Levi, etc...nos seus libros falaban do desastre de todo o relacionado coa Segunda Guerra Mundial.

*Continúa na nosa web*



**Director:** Guillermo Rodríguez Fdez.  
T. 658 58 50 49  
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

**Edita:** Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.  
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD  
(36860 PONTEAREAS - GALIZIA)  
T. 658 58 50 49 - x.foroapeneira@gmail.com

**Imprime:** Publicaciones Tameiga S.L.

**Publicidade:** Dpto. propio e axencias  
x.foroapeneira@gmail.com

**Deseño e maquetación:** Fran Eiró

**Colaboradores:** Roberto Mansilla Blanco, Montserrat Rodríguez, Anxo S. Porto Ucha, Raquel Vázquez, Carlos Méixome, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Baldozero Iglesias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela.

**Depósito legal:** VG 226-2018

## PONTEAREAS

## “Ilumina o camiño coa túa estrela” para o Xacobeo 2027

A Orde do Camiño de Santiago e a Asociación de Alfombristas do Corpus Christi de Ponteareas asinaron un convenio de colaboración para impulsar conxuntamente o proxecto “Ilumina o camiño coa túa estrela”, unha iniciativa que se desenvolverá con motivo do Xacobeo 2027.

O proxecto ten como obxectivo fomentar a participación de grupos de alfombristas vinculados a distintas cidades do Camiño, promovendo o intercambio cultural e reforzando os valores universais que representa o roteiro xacobeo.



A Fundación Orde do Camiño de Santiago dará difusión internacional á iniciativa. Pola súa banda, a Asociación de Alfombristas do Corpus Christi coordinará o con-

tacto cos grupos participantes, garantindo o respecto ao espírito tradicional das alfombras florais e promovendo a integración dos distintos colectivos implicados.

## 3,27M€ para novo contrato de servizo de limpeza

O goberno municipal aprobou no pleno ordinario de febreiro a adjudicación do novo contrato do servizo de limpeza viaria, recollida de residuos sólidos urbanos e xestión do punto limpo. O concelleiro responsable do contrato, Jesús Cao, explica que o novo servizo terá unha duración de dez anos e un orzamento anual de 2.352.854,73

€ e implica unha renovación baseada na tecnoloxía, equipamentos e recursos humanos.

Así se incorporan cinco camións de recollida e para a poda domiciliar; instalaranse 1.937 contedores de todas as fraccións e 1.300 composteiros individuais; nas parroquias crearanse 30 illas de reciclaxe e incorporaranse 400 novos contedores amarelos de

envases así como unha brigada permanente de limpeza co foco nas festas e áreas recreativas como A Freixa, San Roque e Ponte das Partidas. Tamén se implantarán dez novos puntos estratéxicos de recollida rápida en todas as fraccións de luns a domingo en zonas de moita afluencia do centro urbano.

## O PSOE denuncia “irregularidades” no contrato do lixo

O Grupo Municipal Socialista votou en contra da aprobación en pleno municipal do contrato de recollida de lixo, limpeza viaria e xestión do punto limpo ao considerar que o procedemento “naceu viciado, presenta graves irregularidades e pon en risco os intereses da veciñanza de Ponteareas”.

O PSOE indicou que o Eixo Atlántico, entidade independente que viña asesorando ao Concello, rompeu a colaboración en decembro de 2023 co goberno de Nava Castro tras advertir que unha persoa da empresa FCC —a mesma que xestionaba o servizo e que podía concorrer á licitación— participara en reunións técnicas clave,

o que pode supoñer “información privilexiada” para esa empresa que finalmente se presentou en solitario á convocatoria. Tamén denunciou que o goberno municipal substituíu “a dedo” ao Eixo Atlántico pola consultora GEPRECON S.L., incluso tentando pasar como municipal un informe técnico desa empresa.

## A Comunidade de Parada e Rocha recibe o premio +AQUA



A Comunidade de Usuarios de Augas Parada e Rocha foi distinguida co 3º premio do programa +AQUA da Deputación de Pontevedra, na categoría “Recoñecemento á traída con maior impacto social”, dotado con 600€.

Nesta categoría avaliouse a mellora demostrable na calidade de vida da veciñanza, o abastecemento en zonas illadas ou con dificultade de acceso histórico á auga, a inclusión de colectivos vulnerables e a transformación comunitaria grazas á traída.

## Restauración da senda do río Tea

A Deputación de Pontevedra adjudicou 180.000€ para a restauración da senda fluvial do río Tea ao seu paso por Ponteareas. Realizaranse tarefas de conservación e recuperación entre a área recreativa de Moscadeira e o límite con Mondariz.



## A UNED honra a Alfonso Pexegueiro

A Residencia Artisteia organiza os vindeiros días 20 e 21 de marzo as xornadas literarias “A voz e a palabra”, dedicadas á obra do poeta Alfonso Pexegueiro, en colaboración coa UNED para conmemorar o 50º aniversario da publicación de “Seraogna”, ópera prima de Pexegueiro.

Entre os relatores participantes figuran profesores universitarios e de secundaria, escritores, xestores culturais e críticos li-

terarios como Fátima Ferreiro, Isaac Lourido, Roberto Abuín, David Souto, Armando Requeixo e Paula Domínguez. As xornadas clausuraránse coa proxección do espectáculo lírico-musical “A illa das mulleres loucas”, no que o propio autor recita algúns poemas xunto ás actrices Vanesa Sotelo e María Caparrini, e os músicos Anxo Pintos (zanfona) e Quico Comesaña (arpa), que foi gravado no Teatro Principal de Compostela en 2011.

**NovaCociña**

Paseo Matutino, 12  
36860 - Ponteareas  
Telf: 986 660 287 / 647 607 674

**JJ Copos**

Cafetería  
Terraza - Xardín  
Discoteca  
Concertos

Avda. Galicia  
Ponteareas

**casa ferreira**

Venta: Jamones, Quesos y Vinos - Productos Típicos  
JAMON DE TERUEL BAJO EN SAL

C/ Fdez. de la Vega, 6  
36860 PONTEAREAS Teléf. 986 641 554  
charcasferreira@hotmail.es

## CONDADO/PARADANTA

## PONTEAREAS

## Rehabilitación para a Oficina de Turismo e o Museo do Corpus

Con un investimento de 441.529€, o Concello iniciou as obras de transformación dunha vivenda en ruínas situada na rúa Ferreiros, no conxunto histórico da Praza Vella, que albergará a futura Oficina de Turismo municipal e o Museo do Corpus. Esta intervención enmárcase nas políticas municipais de recuperación e dinamización do casco histórico, complementando outras actuacións como a Área de Rehabilitación Integral (ARI no centro urbano.



## BNG: "irregularidades na nova Oficina de Turismo"

Ante o anuncio do goberno municipal sobre a adjudicación de obras para a creación dunha nova oficina de turismo e portal de Corpus, o BNG vén de facer públicas unha serie de irregularidades advertidas polo persoal municipal nos seus informes técnicos.

Os nacionalistas ponteareáns indicaron que esta oficina "trátase dunha obra financiada con fondos europeos pola Deputación de Pontevedra, logrados polo anterior



goberno do BNG". De acordo a un informe técnico existe "risco certo de incumprimento das condicións

de financiamento", e sinala que "resulta impracticable a xustificación da subvención perante a Deputación", xa que a obra ten que estar realizada e xustificada o 20 de maio, ten un prazo de execución de 5 meses e aínda non está nin comezada. Outra das irregularidades que recollen os informes é a falta autorización da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, o que provocou tamén o reparo suspensivo da Intervención Municipal.

## Exclusión da nova convocatoria de prazas xudiciais

O Concello vén de remitir unha carta ao ministro da Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes, Félix Bolaños, na que solicita información pola decisión do Goberno do Estado de excluír a Ponteareas da nova convocatoria de creación de unidades xudiciais, que contem-

pla a oferta de 500 novas prazas en todo o territorio estatal.

Na actualidade o Concello conta cun Tribunal con tres prazas (instrución, execución e civil), unha oficina decanato e unha oficina de rexistro civil, sendo o Concello de referencia para os 10 das comarcas do Condado e da Paradanta

que suman máis de 54.000 habitantes. Desde o Concello lamentan profundamente que o Ministerio non teña en conta a necesidade urxente de crear unha nova praza xudicial, tendo en conta o estado de colapso e a elevada carga de traballo que asumen na actualidade os xulgados da vila.

## PSOE pide reforzo en Pedagogía Terapéutica, audición e linguaxe

A portavoz socialista, Vanesa Fernández Soaje informou que o Grupo Municipal Socialista de Ponteareas vén de presentar unha moción no Pleno municipal para esixir á Xunta unha planificación educa-

tiva rigorosa e con garantías de cara ao inicio do curso 2026/2027, especialmente no relativo á dotación de profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL).

## O BNG pide reforzar o CIM



En pleno municipal, o BNG denunciou a negativa do goberno de Nava Castro para reforzar o Centro de Información a Muller (CIM) cando aumentan os delitos sexuais nun 20%, sendo Ponteareas un concello da provincia con máis mu-

lles baixo protección policial. Os nacionalistas presentaron diversas propostas entre as que destaca a mellora do CIM mediante a cobertura das prazas de persoal necesarias como unha psicóloga.

## Unha andaina para honrar aos Ranchos



O Concello presentou a décima edición da andaina circular AndaGuláns, e que este ano rende homenaxe aos tradicionais ranchos, unha das expresións máis singulares do patrimonio cultural da contorna. O evento terá lugar o día 22 de marzo, con saída e chegada no C.C. Avisoureira, e a

inscrición ata o día 16.

A andaina, recoñecida pola Federación Galega de Montañismo pola súa excelente organización, ten dúas modalidades de participación: distancia longa de 25 quilómetros e curta de 12 quilómetros. Este 2026 constitúese a Asociación Deportiva AndaGuláns.

**mariquita mimosa**

Ropa infantil  
Bordados  
Confección a medida  
Servicio de tintorería

CICLISTA EMILIO RODRÍGUEZ, 6  
PONTEAREAS

mariquitamimosa@hotmail.com  
986 182 659 - 656 860 074

**TRIFOLIUM INGENIEROS**

Gestiones catastrales  
Mediciones  
Inventario de bienes  
Partición de herencias-Sucesiones  
Informes periciales  
Proyectos agrícolas y ganaderos

653 047 430 - 886 216 505  
C/ Alcalde Daniel Ojea, 10 Bj. Ponteareas

**TALIER**

SALÓN

Alfonso Vázquez Fraile, 5 Bj. PONTEAREAS  
CITA PREVIA ☎ 986 641 579  
peluqueriataliermt@gmail.com

## PONTEAREAS

## UNICEF: “Ponteareas é Cidade Amiga da Infancia”

**M**aría Montalvo Freire, presidenta de UNICEF Comité Galicia, entregou á alcaldesa Nava Castro o recoñecemento no que se renova a Ponteareas como “Cidade Amiga da Infancia” por parte de UNICEF Comité Español para o período 2026-2029.

A entidade destacou como iniciativas relevantes o programa “Talento Xove”; a construción dunha nova escola infantil conectada coa natureza; a nova ludoteca municipal; o proxecto dunha nova biblioteca; a promoción da participación xuvenil para deseñar programación lúdica e cul-



tural; a organización de obradoiros interxeracionais para a aprendizaxe de oficios tradicionais; o voluntariado xuvenil e campamentos de conciliación; a sede da extensión universitaria da UNED; a oficina SmartPeme como espazo co-working e aula de dixitalización.

## Presentación dos fondos europeos para “transformar Ponteareas”

**A** concelleira de Urbanismo, Silvia Fernández Táboas, e a Alcaldesa Nava Castro, presentaron ante representantes das Comunidades de Montes, traídas de augas, centros e casas culturais, asociacións e veciñanza, os proxectos e liñas estratéxicas que marcarán a transformación do municipio nos vindeiros anos a través de investimentos de 10,9M€ en fondos europeos

Destacan entre estes proxectos a construción de centros de día, un en Guláns e outro en Xinzo; Ágora Corpus das Artes e das Letras, unha biblioteca municipal de 2.000m2 aberta as 24 horas e os 365 días do ano; a Estratexia de Infraestrutura Verde, que transformará a praza Bugallal nun espazo máis verde, fresco e amable; a rehabilitación de vivendas para



alugueiro; a modernización e dixitalización do tecido produtivo, incluída a renovación do mercado municipal e dos espazos públicos para favorecer o emprendemento e o talento local; a creación dun centro cultural en Padróns e outro en Pías; e iniciativas para afrontar desafíos estruturais como a despoboación e o envellecemento.

### Rede de Iniciativas Urbanas

Así mesmo, o Concello participou no pleno convocado pola presidencia da RIU (Red de Iniciativas Urbanas) para abordar a execución dos proxectos do Plan de Acción Integrado (PAI) que contarán co apoio dos fondos FEDER para o desenvolvemento urbano sostible.

## Preparando o 8M



**A** concelleira de Benestar Social, Raquel Plana, encabezou o segundo encontro coas mulleres orientado ao deseño das actividades para a celebración do 8 de Marzo, Día Internacional da Muller, así como a planificación da cam-

paña e a difusión de “Detecta e Actúa”.

No encontro tamén participaron as profesionais do Programa de Emerxencia e Inclusión Social financiado polo Fondo Social Europeo (FSE), a axente de igualdade e o director do CIM.

## Converxencia cultural con Portugal



**P**onteareas e Portugal reforzan os seus vínculos culturais a través do XII Festival Convergencias (Festival Cultural Convergencias Portugal-Galiza), un evento de referencia que promove o diálogo artístico e lingüístico entre Galicia e o norte de Portugal.

O festival desenvolverase entre o 10 de febreiro e o 15 de marzo en distintas localidades como Braga, Santiago de Compostela,

Padrón e A Estrada. En Ponteareas se celebrará o 14 de marzo no auditorio municipal Reveriano Soutullo co concerto “Gira dos 40 anos Canto D’Aqui”, unha homenaxe musical ás figuras de Zeca Afonso e Rosalía de Castro. O festival permitiu igualmente a difusión do grupos ponteareáns Pena do Equilibrio (teatro) e Pedra da Garza (grupo folclórico) que actuaron en Braga os días 6 e 1 de marzo respectivamente.



## CONDADO/PARADANTA

## PSOE: "Plan de Choque" para as estradas municipais

A voceira Vanesa Fernández informou que o Grupo Municipal Socialista de Ponteareas presentou no pleno ordinario de febreiro unha moción para que o Concello poña en marcha, con carácter urxente, unha avaliación integral do estado das estradas municipais ante o deterioro provocado polas intensas choivas das últimas semanas.

A moción propón catro liñas



de actuación: avaliación técnica integral e urxente do estado das estradas municipais; Plan de Cho-

que de Reparación e Mantemento, con calendario e dotación orzamentaria suficiente; solicitar formalmente á Deputación, á Xunta e ao Goberno de España que executen as reparacións nas vías da súa competencia e que presten apoio técnico e económico ao Concello; informar periodicamente ao Pleno sobre o avance dos traballos e das colaboracións solicitadas.

## BNG: veciños sen acceso a garaxes

O BNG denunciou o "caos e improvisación" do goberno local nas obras de asfaltado que está a realizar unha empresa privada en varias rúas do centro urbano. Criticaron que os traballos comezaron sen comunicación previa ás persoas afectadas, limitándose o Concello a colocar o día anterior valados prohibindo aparcarse na rúa.

"Esta falta de planificación e de información provocou que numerosos veciños e veciñas non



puidesen saír dos seus garaxes ou acceder ás súas casas, encontrándose coa maquinaria traba-

llando no asfalto e coa circulación totalmente restrinxida", indicaron dende o BNG.

## "Mulleres que contan"

Dolores Alonso Fernández, Ana María Barco Farrapeira, María Carrera Otero, María Pilar Gómez Rodríguez, María del Carmen de Grado Díez, María Teresa Isla Avión, María Porto González e Teresa Rodríguez Méndez foron as protagonistas do acto "Mulleres que contan", organizado polo Concello para recoñecer a súa contribución cultural, económica e social á vida da vila. No marco do acto tamén se recoñeceu de maneira especial ao colectivo Mulleres da Carreira de Guláns, polo



seu papel na dinamización social e comunitaria.

## Planificación hidrolóxica na Cañiza



O Salón de Plenos acolleu unha charla informativa sobre o Plan Hidrolóxico Miño-Sil 2028-2033 dirixida ás comunidades de traídas de auga, organizada pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) en colaboración co Concello da Cañiza, e que reuniu a máis de 50 representantes de comunidades de traídas de auga do municipio.

A sesión estivo centrada prin-

cipalmente nos aspectos relacionados co abastecemento de auga á poboación, un dos elementos clave da planificación hidrolóxica para os próximos anos. O Alcalde Luís Piña explicou que no caso da EDAR de Valeixe, a instalación non está preparada para asumir a carga que recibe na actualidade, polo que a CHMS está a executar a construción dunha nova estación depuradora.

## Dixitalización do saneamento en Salvaterra

Ao abeiro dunha subvención da Xunta financiado con fondos europeos cun investimento de 44.000€, o Concello de Salvaterra anunciou a

finalización da implantación e posta en servizo da dixitalización de catro estacións de bombeo de augas residuais na conca do río Tea.

## Nova edición de Formatea

O Concello de Ponteareas celebra os días 11 e 12 de marzo unha nova edición de Formatea, a feira de orientación formativa que reunirá na vila a máis de trinta centros de formación para achegar ao alumnado e á cidadanía a ampla oferta educativa existente.

Entre as novidades destaca a implicación de alumnado voluntario de distintos centros educativos de Ponteareas, que exercerá como guía da feira.

A feira estará aberta ao público de 09:30 a 14:00 horas durante os dous días de celebración.

Síguenos  
f i

**Erovás**  
COMPLEMENTOS  
MUJER Y HOMBRE

Avda. Constitución, 10  
36860 Ponteareas  
986 066 918  
maricarmenerovas@gmail.com

*Restaurante O'Rianxo*  
35 años a su servicio

Terraza de verano interior  
Ctra. N-120  
Vilasobroso - Mondariz  
Telf.: 986 654 434  
Móvil: 631 997 556

**milfollas**

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

986 66 79 13 - Carballos, 10 - Ponteareas  
milfollas@mundo-r.com

## O músico Rafael Carracedo será o pregoeiro do Corpus Christi 2026

O Concello vén de anunciar que o músico de raíces gulanesas Rafael Carracedo Crespo será o encargado de pronunciar o pregón das Festas do Corpus Christi 2026 o domingo 31 de maio, previo ao domingo

de Corpus o 7 de xuño.

A alcaldesa Nava Castro destacou que este pregoeiro simboliza a unión entre as dúas grandes almas da festa: a tradición das alfombras e a excelencia musical.

Con raíces na parroquia de Gu-

lães, Carracedo é actualmente fliscorno solista da Unidade de Música da Garda Real. En 2025 gañou o máis prestixioso premio no mundo da gaita, o "Trofeo MacCrimmon" do Festival Inter-céltico de Lorient no mes de



Agosto de 2024. É convidado asiduamente pola Orquesta Nacional de España, a Banda Sinfónica Municipal de Madrid, a Orquesta Sinfónica da RTVE, a Orquesta Sinfónica de Madrid e a Orquesta Sinfónica de Galicia.

En 2017 publicou o libro "A requinta da Ulla. Obradoiro Riobó", un traballo etnográfico sobre a música tradicional galega e primeiro cancionero de música propia para requinta da Ulla.

## Rafa Carracedo na música popular galega

Anxo Serafín Porto Ucha  
M<sup>a</sup> Raquel Vázquez Ramil

Con motivo das Festas de Setembro en Ponteareas, tivo lugar o xa asentado concurso de gaitas na Vila do Tea, cunha Comisión de selección ao respecto, da que formaba parte, entre outros representativos da música popular, Rafael Carracedo Crespo, nado en Madrid

en 1987, o recoñecido músico de raíces gulanesas, tataraneto do fundador da Banda de Música de Gulães Xosé Carracedo Domínguez (Pepe de Miguel). Rafa Carracedo, dunha amplísima formación musical, moi polivalente e versátil (trompeta, fliscorno, gaita, requinta...), ademais de fliscorno solista da Unidade de Música da Garda Real, é un consumado e entusiasta gaitero tanto na citada Unidad como en

distintos eventos ou festivais (na presentación das próximas Festas de Corpus Christi de Ponteareas, resáltase o Certame de Gaita e Tamboril de Tui e o Trofeo MacCrimmon de Lorient).

Carracedo está chamado a formar parte non só do selecto elenco de executantes do noso instrumento musical máis representativo, senón da obra escrita no eido cultural, ligado así á nómima de investigadores da música popular galega. En 2017 publicaba A Requinta da Ulla. Obradoiro Riobó, sobre unha meritoria investigación realizada na terra da súa nai, da que nos deixa un total de 85 partituras, produto dun exhaustivo traballo de campo

polo Val do Ulla, no que tivemos a oportunidade de colaborar.

No citado encontro de grupos de gaiteros en Ponteareas, tivemos ocasión de escoitar de Rafa Carracedo na gaita, fora de concurso, acompañado por Lola, da referida Comisión no tamboril, a magnífica interpretación dun valse que o Gaitero dos "Almuña", cos irmáns Alfredo e Antonio - ou mesmo Alfredo Fragueiro Souto e os de Salvador en Valiñas, etc.- tocaron moitas veces nas Festas Patronais de Gulães, baixo a advocación de San Xulián, como sucedeu, cunha concorrida asistencia, tamén na pasada edición do 6 e 7 de xaneiro de 2026.

## Restauración da memoria lingüística no cemiterio de Lira

Xosé González Martínez

O cemiterio da parroquia de San Simón de Lira en Salvaterra foi escollida para escenificar a pedagogía da restauración da memoria lingüística. Unha iniciativa da Asociación de Funcionarios/as para a Normalización Lingüística que ten como obxectivo instar aos galegos e galegas e manter encesa a lingua galega máis aló da vida, nos espazos da memoria que son os cemiterios.

Os fundamentos desta proposta galeguizadora están baseados no feito distorsionado que ofrecen os cemiterios das comunidades parroquiais, nos que obervamos a marxinação da lingua galega nos epitafios



das lápidas mortuorias. Sorprende que anos despois da aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia e o recoñecemento que fai da oficialidade da lingua galega,

as inercias segan tan chantadas nas mentes das nosas xentes que enterran aos seus defuntos -todos eles galegofalantes en vida- nun idioma

distinto no que nunca se expresaron, o castelán. Só unha de cada 1.000 lápidas están escritas en galego. E o chamativo da cifra é que nas zonas monolingües o galego é anecdótico.

Hai un ano que coa colaboración expresa da familia do gaitero de Lira, don Luís Soutullo Iglesias, procedimos á substitución da lápida en castelán por outra en galego, máis persoal e representativa dos valores patrimoniais que nos deixou o sonado instrumentista. Ao acto acudiu a maioría dos

veciños da parroquia. O grupo de música tradicional Xistra de Coruxo participou interpretando varias pezas musicais. Contamos tamén coas cantareiras de Lira que dirixidas polo crego Clodomiro que fixeron resoar no templo. as súas cantigas acompañadas pola percusión das pandeiretas.

O pasado mes voltamos ao cemiterio, pero nesta ocasión para incorporar na lápida un metacrilato cun código QR que permite descargar a biografía que escribíu sobre o gaitero Xerardo Fernández Santomé, un estudoso de recoñecido prestixio da nosa música tradicional.

Con esta iniciativa quere a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística propoñer unha novidade para facer dos cemiterios espazos da memoria coa incorporación deste tecnoloxía que permiten recoñecer os valemientos dos veciños que poidan ser identificados a través deste código.

**Papelón con LIMÓN**  
BRUNCH & BAR

BRUNCH  
TOSTAS  
TAPAS  
AREPAS  
BURGERS

Rúa Reveriano Soutullo, 7  
36860 Ponteareas, Pontevedra  
www.papelonconlimon.es

623 530 294

Marco Avendaño  
Quiromasajista

MASAJISTA DEPORTIVO

C/ Vidales Tomé, 15 - 2º A - PONTEAREAS  
CITA PREVIA NO 644 930 005

**CENTRAL AGRICOLA**  
PONTEAREAS, S.L.

Agro - Jardín - Ferrería

comercialareas@hotmail.com  
986 66 11 91 - 629 52 24 18  
Areas Picoto 36861 - Ponteareas

## CONDADO/PARADANTA

### Formación para o emprego e TIC Rural

O Concello de Covelo deu inicio ao I Plan de Formación 2026 coa intención de mellorar a empregabilidade e as competencias da veciñanza, principalmente no rural. Entre os cursos de formación iniciados están o de Operador/a de carretillas elevadoras; e o de Control de Almacén e Picking.

Paralelamente, o Concello está a desenvolver o programa TIC Rural, enmarcado na iniciativa "Reto Rural Digital", ofrecendo apoio integral á formación en competencias dixitais sen límite de idade especialmente daquelas en



situación de desemprego ou inactividade. Entre os cursos ofertados está "YoConecto", dirixidos á iniciación no mundo dixital para maiores de 60 anos.

### AporM: "O PP fai populismo coa Depuradora e a escola infantil"

Xoán C. Montes Bugarín, voceiro de Alternativa por Mondariz (AporM), censurou a decisión do Alcalde Pablo Barcia (PP) de "querer duplicar equipamentos públicos" a través da soli-

citude "dunha subvención para construír a súa propia depuradora" que xa existe desde 2005 "para dar servizo a 6.000 persoas, cando Mondariz Balneario só ten 724 habitantes". Criticou igualmente

como "localismo e populismo" a decisión de Barcia de construír unha nova escola infantil "cando xa existe unha en Mondariz Balneario desde o ano 2006 que funciona conveniada con Mondariz".

### Demandan cobertura médica para Mondariz

Alternativa por Mondariz (AporM) presentou un escrito formal ante a Xerencia da Área Sanitaria de Vigo e o Sergas para a cobertura urxente da praza vacante de Medicina de Familia no centro de saúde desa localidade.

A Consellería de Sanidade ofreceu como medida transitoria a posibilidade de que os pacientes soliciten un cambio de cupo para ser atendidos por outro médico do centro que conte con asignación estable, unha decisión "totalmente inadmisibile" para o gru-

po municipal de AporM porque "non resolve o problema de fondo", provoca unha sobrecarga no resto de profesionais médicos e supón na práctica "a eliminación encuberta dunha praza de Medicina de Familia".

### O BNG reclama o BIC para a Fonte de Troncoso

O BNG rexistrou no Porriño unha moción para instar á Xunta a declarar ben de interese cultural (BIC) á Fonte de Troncoso, obra do arquitecto porriñés Antonio Palacios, localizada no Concello de Mondariz Balneario, tomando en conta o seu elevado interese arquitectónico, histórico, etnográfico e industrial.

Os nacionalistas instaron ademais ao desbloqueo institucional, principalmente por parte da Xunta, para a rehabilitación e preservación do inmovible, esixindo así mesmo a execución efectiva



dos 400.000€ comprometidos para ese fin e ante a recente publicación por parte do goberno estatal da nova convocatoria do Programa 2% Cultural.

### Neonatos en Balneario

O Alcalde César Gil recibiu aos pais de Mara, a primeira veciña nada neste 2026, así como aos proxeitores de Nerea, a última veciña en chegar ao municipio no pasado 2025.



### "Xuventude a Máis"

A mocidade de Covelo realizou un encontro informativo no Auditorio Municipal para presentar os obradoiros incluídos no programa "Xuventude a Máis", impulsada pola Deputación de Pontevedra para fomentar a par-

ticipación xuvenil e ofrecer alternativas de ocio saudable. Entre as iniciativas destacan un obradoiro de saúde mental e autocoidados, un curso de DJ, un obradoiro de edición de vídeo e fotografía e unha formación en adestramento canino.

# Colexio Pluriligüe LA INMACULADA

**Dende 1905 en Pontearreas**  
**Premio 2017 á Excelencia Educativa**

Aula matinal de 7:30 a 9:00  
Comedor escolar  
Actividades Extraescolares

Teléfono 986 640 065  
www.colexioinmaculada.com

**Aberto prazo de solicitude de matricula**  
**Do 1 ao 20 de marzo**

**PROGRAMA ERASMUS PARA O PROFESORADO**  
**INTERCAMBIOS ERASMUS+ PARA O ALUMNADO**

## A CAÑIZA

## Renovación da área de lecer na Carballeira do Cacharado

O Concello da Cañiza celebrou a súa 2ª Sesión Plenaria, nesta ocasión de carácter extraordinario, para aprobar un expediente de modificación de crédito, mediante transferencia entre distintas áreas de gasto, destinada a completar a achega municipal necesaria

para a execución do proxecto de "Renovación da Área de Lecer da Carballeira do Cacharado".

O proxecto conta con financiamento externo procedente de dúas liñas de axuda. Por unha banda, 60.428,44€ ao abeiro do Plan + Provincia 2025, Liña 1 – Investimentos da Deputación

Provincial e unha segunda axuda da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), da Xunta de Galicia, de 35.000€. A zona infantil ocupará unha superficie de 205 m<sup>2</sup> e contará cun pavimento de seguridade de alta absorción de impactos.

## Éxitos do Taekwondo cañicense

O Alcalde Luís Piña trasladou publicamente a súa felicitación a Fidel Rodríguez Pérez, adestrador e coordinador do Ximnasio Municipal, polo terceiro posto acadado na Categoría Master 3 no Campionato de España de Taekwondo celebrado o pasado 21 de febreiro en Sevilla. Rodríguez formou parte do equipo da Federación Galega de Taekwondo



(medalla de bronce) toda vez alcanzou a 5ª posición en Master 3 individual.

## Un ano de proxección internacional con Enjoy Travel Group

O Concello da Cañiza valorou positivamente o traballo desenvolvido co tour operador Enjoy Travel Group para a proxección internacional do municipio cando se cumpre un ano desta colaboración que comezou en FITUR 2025.

Durante este período numerosos

establecementos turísticos da Cañiza, especialmente a Finca Briabí e o activo relixioso e histórico do Santuario da Franqueira, recibiron visitantes a través dos paquetes e circuítos comercializados pola operadora. Entre outros atractivos están as paisaxes e recursos naturais, a promoción da gastro-

nomía local, a proximidade a Ourense e a conectividade con Madrid a través do AVE Ourense-Madrid, as comunicacións transfronteirizas con Portugal e a integración da oferta local en itinerarios vinculados ao Camiño de Santiago.

## O TIC Rural enfocou na seguridade dixital



O Concello colaborou co Curso TIC Rural – Programa Reto Rural Dixital, celebrado na Aula CeMIT da Casa da Cultura a mediados de febreiro, organizado pola Entidade para o Emprego Red Araña.

Esta iniciativa gratuíta estivo dirixida a persoas desempregadas ou inactivas residentes en Concellos rurais, centrada na mellora das competencias dixitais, con especial atención á seguridade en contornas dixitais.

## María Gómez González, alcaldesa da Caniza na Segunda República

Anxo Serafín Porto Ucha  
Raquel Vázquez Ramil

Tal como recolleemos en Represión e Depuración do Maxisterio na provincia de Pontevedra (2021), e grazas á documentación diligentemente ofrecida no seu día por Xosé Luís Bacelar, chamounos poderosamente a atención a presenza dunha muller, María Gómez González, que foi alcaldesa da Caniza entre o 15 de marzo e o 15 de xullo de 1936. Estaba casada co mestre de Parada das Achas, José Ares Sánchez. Sobre María hai datos importantes no libro de Ángel Rodríguez Gallardo, O ruído da morte (2006). E con motivo da



celebración da Festa do Corpus Christi, a vila de Pontearreas sacaba á rúa ese mesmo ano a súa puntual publicación Pregón, na que se insería unha colaboración de María José Bernete Navarro, «María, Alcaldesa galega na II República». Como antecedente polas terras da provincia, contabamos coa presenza de Concepción Pérez Iglesias, mestra nacional, como alcaldesa de Portas durante a Ditadura de Primo de Rivera (R. Vázquez Ramil, La mujer en la II República, 2014).

Mª Purificación Gómez González nacera en Bélmez (Cordoba) o 6 de febreiro de 1905. Incluímos algúns datos en La Escuela Activa y el entorno (2021), unha publicación sobre «Paseos, visitas e excursións da Escola Activa», a propósito do gran labor dun mestre da Caniza, José Benito González Álvarez, e un inspector eficaz, o catalán José Muntada Bach, inspector que logo experimentaría unha acusada reversión

ideolóxica coa chegada do Franquismo.

Pola profesión do seu pai, enxeñeiro de minas, a familia trasladábase con frecuencia, até que se asentou en Vigo. María Gómez, xa casada e con catro fillos, presentouse ás eleccións de febreiro de 1936 nas filas de Esquerda Republicana. Foi xulgada en Vigo por rebelión militar e condenada a morte, condena conmutada pola de cadea perpetua. Na represión daquel intre, foron fusilados o 31 de outubro de 1936 en xuízo sumarísimo catro canicenses, entre eles o mestre das Achas Jesús Eugenio Pérez Pérez, e Antonio Mojón Vázquez, xove mestre en Campomojado (Asturias), de 21 anos de idade.

No penal de Saturrarán (Guipúzcoa) María fraguou unha estreita amizade coa viguesa Urania Mella, anarquista e dirixente da Unión de Mulleres Antifascistas de Vigo. Saíu e liberdade en 1943 e faleceu en Lugo en 1986.

**Ferretería**  
**Julio Pérez Giraldez**  
Tel/Fax: 986 651 052  
Móvil: 606 361 558  
C/ Progreso, 81  
36880 A CAÑIZA  
juliopezgiraldez@hotmail.com

**COMERCIAL AGRICOLA ANTONIO S.L.U.**  
**REPARTO A DOMICILIO POR ENCARGO**  
POLLOS POR ENCARGO  
DROGUERÍA  
FERRETERÍA  
JARDINERÍA  
BEBIDAS  
SULFATOS  
INSECTICIDAS  
BUTANO  
VENTA DE PLANTAS  
DISTRIBUIDOR OFICIAL  
**Alona**  
C/ MEROUDES Nº8 - MONDARIZ - T.: 986 656 218 | 649 449 459

**Carlos PELUQUERO**  
Plaza de España, 2 - Mondariz  
Telf. 619 061 357

## OPINIÓN

Por Xoán Carlos Caballero

## Malditos bastardos

Tarantino xa foi quen de cambiar a historia en Malditos bastardos. Un grupo de elite formado por soldados xudeus-estadounidenses encargouse de sementar o pánico entre o exército nazi. Sen contemplacións, arrincaban as cabeleiras dos soldados e marcaban cruces gamadas a coitelo nas súas fronteiras, para que, unha vez rematada a guerra e colgado o uniforme non puidesen zafarse do xenocidio o que someteron á poboación xudea.

O bo de Quentin fíxonos gozar e que imaxinamos durante dúas horas que a historia puido ser completamente diferente grazas a xenial ocorrencia de meter nun teatro a Hitler e os seus secuaces, bloquear as portas para logo plantarlle lume e ametrallalos dende o anfiteatro.

Se tanto gozamos co esa escena, que tería evitado tanto sufrimento de ter sido certa, pregúntome se nestes intres Tarantino, en vez de cambiar a historia, non sería capaz de adiantarse a ela e rodar Malditos Bastardos Volumen 2.

A día de hoxe, non son as Waffen SS de Adolf Hitler as que percorren as rúas á



caza de xudeus senón os paramilitares do ICE de Donald Trump en busca de emigrantes. Os motivos para detelos e ser enviados a un centro de procesamento poden ser a aparencia, a cor de pel, a indumentaria ou mesmo o acento.

Salvando as distancias, o fondo é semellante, e o director de cine só tería que ir actualizando o tipo de aberracións que se cometen na actualidade para que, devagar, fosen conducindo a un final exacto ao do primeiro metraxe.

Vénseme á cabeza unha escena de Airbag onde un político moralmente idéntico

a Trump lamentábase de ser vítima dun complot logo de ser detido por abusar de nenos de dez anos. Tratábase dun pederasta que aseguraba descoñecer a idade das menores e que culpabilizaba aos pais por vestilas coma putas.

Na segunda parte de Malditos Bastardos, Tarantino non dubidaría en recrutar exguerrilleiros de tódolos grupos que combateron as ditaduras militares en América do Sur para transformalos nun novo exército de elite. Unha Fronte Revolucionaria Pansudamericana integrada por membros de Sendero Luminoso, as Farc, os Tupamaros, o Exército Zapatista de Liberación Nacional ou mesmo os Montoneros Arxentinos.

Rematado o período de formación, comezarían a rastrexar as rúas estadounidenses en busca dos axentes do servizo de inmigración e marcarlles o acrónimo ICE na fronte con sables en miniatura, sables que serían réplicas exactas do liberador Simón Bolívar.

E a guinda do pastel, a escena final posiblemente tería lugar na Torre Trump. Escollería o día do aniversario de Melania. O

gobierno estadounidense estaría invitado ao completo. Chegados a ese momento, teño dúbidas de como remataría Tarantino a súa obra mestra. Probablemente veríamos a Trump, Cruz e Vance saltando polo aire cun habano na boca, recheo dunha sustancia explosiva no día da celebración da invasión de Cuba ou envelenados comendo unha arepa venezolana aderezada con xofre extraído do petróleo que lle roubaron ao país caribeño.

Mais eu inclínome porque estrelaría o Air Force One contra a Torre Trump, cuxo pasaxe sería o Estado Maior Conxunto ianqui. Todos eles con hiperlordose lumbar e secuelas cognitivas, provocadas polo peso das medallas penduradas no peito que, a miúdo, lles causaban caídas de fuciños contra o chan.

Os golfos americanos no fondo do Golfo de América —así rebautizado por Donald Trump— logo de ser arrastrados entre os escombros das torres, polas correntes atlánticas dende Nova Iorque. Mentres, ao lonxe, escóitáse a un mariachi cantar “Ay ay ayay canta y no llores”.



Fernando Groba Bouza

## Carta aberta á Real Academia Galega

Excelentísimo señor presidente, señoras e señores académicos,

Acabou o ano 2025 e con el a oportunidade de celebrar unha mancha de posibles datas conmemorativas que recreasen e lle lembrasen á nosa sociedade aqueles acontecementos que abriron a chegada da democracia no ano 1975. Entre eses sucesos, tan importantes como simbólicos, atópanse a creación de colectivos poéticos como Rompenite, en Vigo, e Cravo Fondo e Alén, en Santiago de Compostela. Concre-



tamente, o grupo vigués naceu no verán do 75 na feira do libro da Cidade Olívica

cando Alfonso Pexegueiro llo propuxo a Antón Reixa.

No 2025, as institucións oficiais lembraron e homenaxearon as cantareiras no Día das Letras Galegas, lembraron os 75 anos da creación da editorial Galaxia e da morte dunha das persoas máis sobranceiras da nosa cultura: Castelao. Mais non apareceu por ningures nin a primeira chiscadela ao colectivo vangardista vigués. Nadiña.

Que vai pasar agora, no 2026, co 50 aniversario do libro que iniciou a renovación poética da Transición? E co seu autor? Tamén o/s van “esquecer”? Porque foi este poemario que publicou o propio grupo político de Vigo no mes de maio do 76 o primeiro que fuxiu da liña socialrealista

imperante. Tal libro foi tamén a ópera prima da súa incipiente andaina como editorial. Falamos de Seraogna de Alfonso Pexegueiro. O segundo, e non menos importante, foi Con pólvora e magnolias de Xosé Luís Méndez Ferrín, en outubro do mesmo ano.

Sabemos que este o ano no que estamos foi elixido o nome e figura de Begoña Caamaño para celebrar e honrar as Nosas Letras, agora ben, aínda que non sexa coa mesma cobertura e intensidade, creo/cremos que Seraogna e tamén Con pólvora e magnolias merecen certa atención dende as institucións públicas que nos representan. Non lles parece?



[www.novasdoeixoatlantico.com](http://www.novasdoeixoatlantico.com)

PINTURAS

**BARCO LEÓN**

PINTURA PLÁSTICA - BARNICES  
ESMALTES - PAPELES

PINTAMOS SU CASA. PÍDANOS PRESUPUESTO

Paseo Matutino, 2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas  
Villanueva, 18. 986 651 145 - 609 366 364. A Cañiza

**CENTRO VETERINARIO PONTEAREAS**

Rúa dos Nardos, 14 - baixo A  
36860 PONTEAREAS  
info@cvpontareas.es

☎ 886 21 61 51  
URX. 603 61 02 23

Por Baldomero Iglesias Dobarrio. Mero.

## A pesar de todo

Tanto correron os feitos que hai quen finxe ser feliz abondando malignidades e desgrazas. Desas que se fan desde a sombra e que, claro está, danan a toda outra xente, moita dela na mesma dignidade. Hai tamén quen simula estar enfermo, padecer algún trastorno, simplemente para finxir estados mentais degradados ou sublimes, nos que ninguén debe entrar porque son desa persoa e fai con eles o que quere, mesmo aparentar ser sabio ou andar perdido. Fano para non ter que dar explicacións.

Hai nestes tempos moita xente a representar a súa propia obra teatral simulando ser quen non son, marionetas dun vento lurpio. Fano para chamar a atención e ser centro de captación das boas intencións alleas, cando vemos son tamén capaces de mimetizar nunha aparencia de compromiso carente de principios. Son xentes desa ideoloxía do consumo, da lamentable conxuntura de intereses pecuniarios e económicos do capitalismo de sempre, na cultura do abuso e a mentira, dunha



inxusta xustiza tan evidente e segundo para quen sexa. Hoxe xa é palpable e a verdade está rodeada de molestias, de desgustos, de acosos. Está coaccionada e frustrada pola suposición, a dúbida, a desconfianza, os artigos daquela prensa sometida. Non fan falta probas. Son as singularidades que nos identifican e enchen escaparates, son os que se dan á fuga e causan desespero. Todo invita a abdicar e

a perdernos sen respectarnos a nós. Só hai que mirar aos que acadaron algún tipo de poder e como manipulan os outros poderes. Aí están para ver e identificalos, na perversión da verdade que todos sabemos, mínimo común múltiplo da decencia, máximo común divisor de calquera esperanza. A realidade social está ancorada na renuncia da verdade, no eufemismo fala-barato, no fume, na aparencia, no espectáculo dos egos. O becerro de ouro.

Neste lugar non queda moito sitio para os optimistas da soñada liberación, a mentira habita xa e supera os condicionantes do coñecemento. Vencen sempre os comentarios sibilinos e os recortes de prensa, dicires antes que evidencias científicas, prexuízos antes que criterios avalados na realidade. De aí a que se creen ídolos falsos, talismáns que seduzan e desvíen, hábitos de falsas utopías nunca certas nin acertadas, fitos desa colonización imperialista que subxace baixo a mentira, o roubo, o erro. Crea confusión, convicción, dependencia, escravismo, enfrontamentos. Se queremos recuperar algo de cordura debemos des-ler e non calar, debemos frustrar esas súas intencións de dominio

que nos condicionan.

Xogamos en contra de poderosos medios de exclusión social, medios de contubernio e cisma, de polarizacións que nos trouxeron a onde estamos. Un mundo dividido que nos fai parecer foulas no aire, esnaquizados. Mandan os malos e reforzan esa división, teñen de man os medios para perverter a verdade e a razón, viralizaron a mentira cos ídolos de pin-pón. Resultamos ser vítimas desa enorme estupidez que nos conduce á tiranía, que confirma a nosa debilidade e torpeza, unha vez máis a excesiva confianza na razón e na xustiza. Estamos aquí, nesa divulgación de condutas fascistas e agresivas, excluíntes. Ben vistes o que lle pasou ao Fiscal Xeral, non-sí? Pois así hai moitas e teñen garantidas moitas máis.

A pesar de todo, nunca choveu que non escampara! Eu deséxolles poidan pasar unhas boas festas de Nadal e de Feliz aniversario no que, seguro, seguiremos a loitar pola luz clarificadora que os poña no seu sitio e os delate. Resistiremos.



Por Isidoro Gracia

## Presente e futuro de Europa, a realidade supera a ficción

A frase, que creo é de Óscar Wilde, indica que por moito que fagamos uso da imaxinación ningunha novela, artigo ou obra de ficción poderá chegar máis lonxe, nin describir situacións por impactantes e estrañas que sexan que os acontecementos que a realidade do día a día traeranos.

Os europeos, que nos fomos agrupando nesta rara confederación que é a Unión Europea, gozamos de 75 anos dunha paz e benestar, senón perfectos se moi próximos á excelencia alcanzable nun mundo tan complexo, agresivo e desequilibrado, para xustificar o adxectivo hai que lembrar que durante os 2.000 ou 3.000 anos anteriores, todos e cada un dos días o normal era que nos dedicásemos a matarnos entre veciños.

Moitos dos da miña idade, ademais de en a universidade, é probable que descubrisen, como eu, lendo a ciencia ficción dos anos 50/60 do pasado século, que desde que o home organizouse, desde a tribo ata hoxe, os tres instrumentos básicos para obter e manter o poder en calquera sociedade son: a forza, o comercio e a relixión. Por exemplo a obra de Isaac Asimov a Fundación mesmo avanzou a evolución ou substitución da relixión polo posible papel do que do que un moderno actual denominaría "comida do tarro", o que hoxe fan os donos das principais redes sociais Asimov adxudicáballo á psichistoria, pero en resumo era o mesmo: manipulación



dos cerebros e sentimentos individuais e colectivos para controlalos.

Outro autor, creo que George Orwell, en "1984" fala da guerra inacabable de tres superestados ou federacións: Oceanía (América, Illas Británicas e Australasia) Eurasia (Europa e Rusia) e Asia Oriental (China, Xapón, Corea). A xeografía dos bloques non é a mesma pero que o inicio dun proceso de aliñamento similar sí que parece existir, acelerado desde a chegada á Casa Branca do actual inquilino.

Bueno, con respecto á U.E. o rosario de eleccións coa ultradereita subindo (nalgún caso resucitando) e así como outros partidos contrarios ao proxecto, parece dirixirnos, se non á guerra de todos contra todos de séculos anteriores, sí a un "sálvese quen poida" que seguro terminaría mal. Hoxe consólome coa noticia de que en Portugal os seus cidadáns se se deron conta e responderon nas urnas de forma

contundente.

Eses 75 anos de paz e prosperidade a seguridade e defensa fronte ao uso da forza contra os europeos conseguíronse manténdose xuntos en alianza con Estados Unidos, xa que ningún Estado europeo ha mantido a capacidade de defenderse por se só. Así mesmo, grazas á garantía da nosa seguridade e a que boa parte do comercio e intercambio de bens realizouse entre nós e os nosos aliados, podemos abrírnos a outros países e zonas económicas aumentando a nosa influencia, o que á súa vez contribuíu á prosperidade.

En palabras de alguén experto dos de verdade Draghi (era o da firma que validaba os billetes de 500 € ata a súa desaparición) "esa orde mundial de gobernanza multilateral e confianza mutua desapareceu" e "a ameaza consiste en que o substituirá", pero "de todos os que hoxe se atopan atrapados entre Estados Unidos e China, só os europeos teñen a posibilidade de converterse eles mesmos nunha verdadeira potencia". Para el, e para moitos que temos anos de experiencia profesional, e militancia sindical e política, Europa corre o risco de verse dividida e subordinada. Se non somos capaces de defender os nosos intereses por nós mesmos eses valores de liberdade, igualdade e solidariedade, que nos garantiron seguridade e prosperidade para todos, perderémolos e non a moi longo prazo.

En contra do que creí e tenta Trump a inercia histórica non permite que a interdependencia mutua poida desaparecer a curto prazo, e aínda hoxe Europa é o primeiro exportador e importador mundial de bens e servizos e é o principal socio

comercial con mais de 70 países e nalgunhas tecnoloxías o primeiro actor (p/e nunha básica para semicondutores controlase o 100 %) así

que no tempo que dure esa interdependencia hai marxe para adaptarnos. Ante a pregunta como facelo? volvo a Draghi: "Alí onde Europa hase federado, nos ámbitos do comercio, a competencia, o mercado único e a política monetaria, respéctasenos como potencia e negociamos cunha soa voz. Vémolo hoxe nos frutíferos acordos comerciais coa India e América Latina". Pero "Unha Europa unificada en materia comercial pero fragmentada en materia de defensa verá como a súa poder comercial utilízase en contra da súa dependencia en materia de seguridade, como ocorre actualmente"

Saque cada un as súas propias conclusións, analicemos e expulsemos das nosas mentes esas ideas que as extremas dereitas (e algúns outros só en teoría menos extremos) véndennos, de que comprando a idea de volver á tribo ou á minúscula contorna rexional ou local, como refuxio e solución aos nosos problemas, vai ir ben na contorna xigantesca do actual e convulso mundo desequilibrado, no que uns poucos privilexiados como Elon Musk, Zhang Yiming, Zuckerberg e outros individuos similares pero descoñecidos para o cidadán coún, condicionan o que deben saber e pensar miles de millóns de seres humanos e outros dirixentes como Trump ou Xi Jinping encárganse da execución do programa de espremer ao a inmensa maioría en beneficio uns poucos.



## LOURIÑA

## O PORRIÑO

## Xunta Local de Seguridade

O Concello do Porriño celebrou a Xunta Local de Seguridade, na que se fixo balance dos datos en materia de seguridade correspondentes a 2025 e ao inicio de 2026, así como unha análise específica da situación da violencia de xénero no partido xudicial do Porriño.

No que respecta aos datos xerais da Garda Civil, durante 2025 rexistráronse 782 infraccións penais, con 315 feitos esclarecidos, ademais de 421 infraccións administrativas. A Policía Local realizou 50 detencións, toda vez na seguridade viaria foron investigados 46 condutores por dis-



tintos delitos, principalmente a condución baixo efectos do alcohol. En canto á violencia de xénero, en 2025 rexistráronse 83 denuncias, 60 delas en casos ac-

tivos no sistema VioGén. No ámbito do financiamento, o Concello recibiu 29.911€ procedentes do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

## A licitación 36 vivendas de promoción pública

A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Alleque, anunciou no Porriño a licitación da redacción do proxecto e da execución das obras de 36 vivendas de promoción pública (VPP) no sector SUR-PPR-5 (Gulpileira)

Para este fin asinou un protocolo de colaboración entre a Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A. (VIPUGAL) e o Con-



cello. O alcalde Alejandro Lorenzo destacou que esta promoción “sumase ás 300 vivendas previstas a

través do Proxecto de Interese Autonómico para a construción de vivenda protexida”.

## O Polideportivo contará con pistas de pádel

O Concello do Porriño está avanzando ns obras de mellora integral do Complejo Deportivo Municipal coa cuberta das dúas pistas de pádel exteriores e a renovación completa da contorna do polideportivo, nun proxecto cun investimento de case 450.000€ financiados a través do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID II)

As obras contemplan tamén o acondicionamento do chan do xim-



nasio do polideportivo e a mellora do teito do pavillón 2, actuacións destinadas a optimizar as condicións de seguridade e confort nun-

has instalacións que rexistran unha elevada actividade por parte de usuarios de todas as idades.

## O BNG denuncia a “inseguridade” en Torneiros


A concelleira nacionalista Míriam Martínez Troncoso criticou a “desidia do PP e do PSOE” en canto á situación de inseguridade na parroquia de Torneiros, agravada dende o verán pasado polas vendas de drogas en lugares moi próximos ao CEIP Ribeira e o IES Ribeira do Louro, cos seus conflitos aso-

ciados, con numerosas denuncias ante a Garda Civil e a Policía Municipal.

Troncoso indicou que “dous meses despois de aprobarse no pleno a petición do BNG realizada en decembro pasado, convócase por fin a Xunta Local de Seguridade”.

## Máis de 3M€ para escolas infantís en Pontellas e Budiño

O Concello do Porriño vén de sacar a licitación o servizo das novas escolas infantís municipais de Pontellas e Budiño, que sumarán un total de 132 prazas públicas para nenos e nenas de 0 a 3 anos. O importe total do contrato ascende a 3.350.701,22€ por un período inicial de catro anos, ampliables mediante prórroga. As escolas contarán con 10 unidades en total —cinco en Pontellas e cinco en Budiño— distribuídas por tramos de idade, garantindo



unha atención adaptada ás distintas etapas do primeiro ciclo de educación infantil.

## Contratación laboral municipal

O Concello do Porriño impulsa a contratación de 15 persoas desempregadas a través da liña de Activación do Emprego do Programa + Provincia cun investimento de case 275.000€.

A contratación durará nove meses para apoiar o funcionamento de distintos departamentos municipais, entre eles oficiais de carpintería, albanelaría, pa-listas e operarios de obra, que realizarán tarefas de conservación de infraestruturas e espazos públicos. Ademais, contrataranse peóns forestais para traballos



de roza, limpeza e acondicionamento de terreos, así como un auxiliar administrativo para o departamento de Cultura.

**Bodas - Comunións**  
e todo tipo de celebracións

Teléfono 986333404  
info@restaurantemanolo.es  
Antonio Palacios 101  
A52 - Salida 305 - PORRIÑO

**Manolo**  
RESTAURANTE

## Pablo López, Antonio Orozco e Sergio Dalma no "Petra Rosa Festival"

O Concello do Porriño acolleu a presentación de "Petra Rosa Festival", un novo evento do ano prexacobeo que busca consolidar o municipio como un dos grandes epicentros musicais de Galicia. O festival converterá as canteiras da vila nun escenario natural único durante catro días consecutivos, do 25 ao 28 de xuño.

O cartel reunirá algúns dos nomes máis destacados da música estatal, encabezados pola festa internacional Bresh, que abrirá a programación o xoves 25 de xuño, e completado por artistas de re-



ferencia como Pablo López (venres 26 de xuño), Antonio Orozco (sábado 27 de xuño) e Sergio Dalma (domingo 28 de xuño). Xunto a eles, o festival contará tamén con artistas locais.

## Seguridade viaria en Pontellas e Atios

O Concello do Porriño avanza no seu plan de mellora das infraestruturas do rural coa execución do proxecto de pavimentación e mellora da seguridade viaria nos camiños de Rocal e Outeiro, na parroquia de Pontellas, e Galegos e A Torre, na parroquia de Atios.

A actuación supón un investimento próximo aos 73.000€ (IVE incluído), tras a súa adxudicación, e conta cunha achega de 61.048 euros da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) ao abeiro do Plan Camiña Rural 2025-2026. O prazo estimado de execución é de tres meses desde o inicio das obras.

## Curso de primeiros auxilios en Atios

A Agrupación de Protección Civil do Porriño celebrou na parroquia de Atios un curso de primeiros auxilios que espertou un grande interese entre a cidadanía. As persoas asistentes aprenderon a recoñecer a tempo un ictus, así como actuar con seguridade ante un atragamento, queimaduras ou unha parada cardiorrespiratoria, situacións nas que unha intervención rápida pode marcar a diferenza entre a vida e a morte.



## Esixen titularidade para a N-120 por Cans

Ante a falta de resposta por parte do goberno estatal, o Pleno do Concello do Porriño aprobou a ratificación da solicitude formal dirixida en 2023 ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para a cesión da titularidade da estrada N-120 ao seu paso pola parroquia de Santo Estevo de Cans.

O Concello ten previsto iniciar este ano un ambicioso proxecto de máis de 800.000€ no treito anterior da N-120, xa cedido ao municipio durante o mandato do ex alcalde Xosé Manuel Barros. Esta vía é estratéxica para pro-



xectos como o saneamento de 740.000€; a reforma da Casa Cultural de Cans, valorada en 150.000€; así como a reforma do lavadoiro do Sabias.

## Local propio para as asociacións feministas

O BNG no Porriño conseguiu no pleno municipal o compromiso de que as asociacións vencelladas coa loita feminista do municipio poidan contar cun local propio muni-

pal. A abstención do PP fixo que a moción saíse adiante. Este compromiso beneficia principalmente o traballo da Marcha Mundial das Mulleres da Louriña, referente do activismo feminista.



Tlf.: 986 65 80 18  
Fax: 986 65 82 69  
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros  
Salvaterra de Miño

## Aridos do Mendo, s.l.



*Aridos e Formigóns*

## LOURIÑA

### “Sendero Azul” para o Paseo do Louro

O Concello de Mos volveu a conseguir o distintivo Sendero Azul 2026 ao Sendeiro Fluvial do Río Louro, entre o Camiño de Gata e o Camiño Noveleda, outorgado pola Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor (ADEAC).

Así mesmo, Galicia consolídase



como a comunidade autónoma con maior número de “Senderos Azules”, cun total de 72 itinerarios, dos cales 44 pertencen á provincia de Pontevedra. O acto oficial de entrega das Bandeiras Sendero Azul 2026 celebrárase o vindeiro 6 de marzo no Castelo de Cullera (Valencia).

### XVII Xornadas da Camelia



O Concello de Salceda de Caselas celebrará o sábado 14 e domingo 15 de marzo, as XVII Xornadas da Camelia, unha cita xa consolidada que converte o municipio nun referente arredor desta flor emblemática. Esta edición contará cunha participación estimada de 70 expositores e expositoras procedentes de toda Galicia e tamén de Portugal.

As xornadas darán comezo o vindeiro sábado día 14 de marzo pola mañá, coa preparación dos traballos por parte das persoas expositoras que como de costume

se distribuirán por todo o edificio consistorial. Ás 13.00 horas terá lugar o acto de das XVII Xornadas no auditorio municipal amenizada por un cuarteto de saxofóns da Banda Cultural de Salceda. O horario de visita ao público pechará as 21:00 h ambos días, e o domingo a apertura terá lugar as 10:00h da mañá. Como principal novidade, as xornadas recibirán a visita dunha expedición do Concello de Vedra, que se desprazará a Salceda de Caselas tras a recente celebración do irmandamento entre ambos concellos arredor da camelia.

### Rapidez na tramitación urbanística

A Oficina Técnica Municipal de Mos axiliza a xestión das licenzas urbanísticas aplicando unha maior rapidez e efectividade. Para os informes urbanísticos, obras menores e

actuacións similares, o prazo de tramitación sitúase entre 10 e 15 días desde a presentación da solicitude. Coa documentación completa, a resolución prodúcese nun prazo aproximado dun mes. En

canto ás obras maiores e actividades presentan un prazo medio de tramitación de arredor de 3 meses desde a solicitude. A resolución destas licenzas adoita producirse nun prazo de ata 6 meses.

### Histórica transformación urbana no Porriño

Arrancan as obras que unirán catro rúas estratéxicas e crearán un novo parque no centro do Porriño. O proxecto “Novo espazo público na contorna da rúa Pío XII”, financiado polo Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra da Deputación de Pontevedra cun investimento total superior aos 2,1M€ permitirá ao Concello do Porriño comunicar de maneira directa e accesible as rúas Pío XII, Domingo Bueno, Ramón González e Antonio Palacios, nunha actuación estratéxica destinada á transformación e revita-



lización do centro urbano.

Esta iniciativa permitirá actuar nun ámbito de máis de 4.000m<sup>2</sup>, transformando antigas zonas de

aparcamento e parcelas residuais nun novo espazo verde e de convivencia integrado na rede de espazos públicos do Porriño.

### O PP de Saceda defende a humanización da Praza da Devesa

O voceiro do grupo municipal do PP de Salceda, Santi Davila, amosou o seu “apoio total e absoluto” á construción de vivenda pública no municipio para atender a demanda da veciñanza, pero rexeita rotundamente a proposta de facelo na contorna da Praza da De-

vesa despois de que MS, PSOE e BNG aprobasen no pleno ceder a parcela deste espazo á Xunta para unha promoción residencial.

Davila explicou que esta decisión impediría “a ampliación da Praza da Devesa con máis zonas verdes e equipamentos socioculturais; imposibilitaría a reorganización ur-

banística e cercenaría a futura unión das rúas Ador e Vigo construíndo ademais unha rotonda de entrada á vila desde Esfarrapada”. Informou así mesmo da baixada do prezo do solar “de 200.000 a 80.000€, que foi o prezo polo que o mercou o Concello ao abeiro do Plan +Provincia da Deputación”.

### A prevención chega ás escolas

A Policía Local de Mos está a desenvolver durante o mes de febreiro un completo programa de charlas de educación viaria dirixidas ao alumnado de Educación Primaria

e Secundaria dos centros educativos do municipio, a través de sesións dinámicas, empregando recursos audiovisuais e exemplos reais.

### Aprobada moción contra a A-52

O Pleno do Concello de Mos aprobou por maioría a moción presentada pola Plataforma DefendeMOS en defensa da seguridade viaria, do territorio e do aproveitamento das infraestruturas existentes no municipio. A iniciativa contou cos votos favorables do grupo de goberno e do BNG, mentres que o PSOE votou en contra.

A moción recolle a necesidade de anular definitivamente o proxecto da nova A-52 polo seu grave impacto sobre as parroquias de Sanguñeda, Petelos, Pereiras e Tameiga, así como a liberación inmediata da peaxe da AP-9 no tramo Vigo-Porriño, como medida urxente para mellorar a seguridade viaria e reducir a presión sobre a A-55 e a N-550.

**GA**  
**ORGASERCO, S.L.**  
 ORGANIZACION E ASSESORAMENTO DE EMPRESAS

**José Abraldes Amil**  
 Economista

Avda. de Galicia, 13 Portal 3 Ofic. E Telf. 986 33 82 90 - Fax 986 34 43 87  
 36400 - O Porriño (Pontevedra) abraldes@orgaserco.es

**¡ROMPEMOS LOS PRECIOS!**  
**MEJORAMOS EL PRECIO DE TUS SEGUROS**

**ENVÍANOS UN WHATSAPP Y TE ENVIAMOS PRESUPUESTO SIN COMPROMISO**

**633 60 12 57**

Rúa do Pinac, nº11, Bajo B, O Porriño  
 986 33 14 50  
 633 60 12 57  
 josehugo.bugarin@agencia.axa.es  
 segurosbugarin@gmail.com

## SALCEDA DE CASELAS

## Segunda fase da excavación da foxa de Soutelo

Alcaldesa de Salceda, Loli Castiñeira, e o Concelleiro de Cultura, Alex Rodríguez, mantiveron unha reunión cos socios da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica do Baixo Miño, O Condado e A Louríña, encargados de investigar o posible paradiro de 7 represaliados durante a guerra civil, para tratar de organizar os traballos previos para esta segunda fase da exhumación. Nesta reunión tamén estiveron presentes o párroco de Soutelo e o arqueólogo que dirixirá as obras.

Nesta segunda fase que comezará en abril tratarase de localizar os restos de 5 homes paseados e



soterrados no adro da igrexa, que non foron localizados na I Fase de excavacións en que apareceran só dous deles. Na actualidade aínda non se atoparon todos os desaparecidos en setembro do 36.

Catro dos que faltan é posible que sexan veciños do Porriño (Severo Boente, José Cordal, Ramón Pérez e Leoncio Muíños), e o quinto, un veciño do Torroso, en Mos (Modesto Barreiro Cubillos).

## Amelia Cerqueira, "Muller Infinita"

O pasado 8 de marzo, coincidindo coa celebración do Día Internacional da Muller, o Concello de Salceda de Caselas rendeu homenaxe á súa veciña Amelia Cerqueira Estévez, homenaxeada como a primeira "Muller Infinita" do municipio.

A conmemoración polo 8M contará cunha ampla programación cultural e educativa que se prolongará ata o mes de maio. Está organizada en colaboración co tecido asociativo local, especialmente coa Asociación Treze Catroze. O teatro, a educación afectivo-sexual e o humor serán os eixos centrais dunha proposta que busca achegar á veciñanza os valores da igualdade e da xustiza social.

O recoñecemento "Muller Infinita" nace coa figura de Amelia Cerqueira Estévez, veciña de Salceda que cumprirá o vindeiro mes 90 anos. Nada en 1936, coincidindo co inicio da Guerra Civil



Española, Amelia é a sexta de nove irmáns e representa a xeración de mulleres que medraron nun contexto de enormes dificultades sociais e económicas. Foi unha muller cuidadora ao longo de toda a súa vida: atendeu ao seu irmán xordo, fixose cargo dos seus sobriños cando a súa irmá emigrou, acompañou a unha veciña ata o final dos seus días e dedicouse plenamente á súa filla e netas. Nai solteira nun tempo no que a lexislación non recoñecía

as familias monoparentais e no que os dereitos das mulleres eran practicamente inexistentes, afrontou a vida con valentía e determinación.

Dedicou a súa vida ao pequeno comercio, vendendo pan ata pasados os 80 anos. Neste recoñecemento colabora tamén a Asociación de Comerciantes e Industriais de Salceda de Caselas (ACISA), que quixo sumarse a esta homenaxe a unha das mulleres precursoras do comercio local.

## III Festival solidario de Cáritas Louriña



Os Concellos de Salceda, O Porriño e Mos celebrarán este 8 de marzo no Auditorio Municipal de Salceda o III Festival Solidario de Cáritas Arciprestal Val da Louríña. O evento contará coa actuación do grupo O Serán de Salceda, o grupo Donicelas tamén

de Salceda, e o grupo de teatro A pedra do cabalo de Celeiros (Ponteareas) coa obra A pantasma de papá.

A recadación irá destinada a sufragar os gastos da actividade social de Cáritas no Arciprestado da Louríña, que atende na Louríña a 70 familias.

## Aforro enerxético para o campo de Penedo Redondo

A Deputación de Pontevedra aprobou unha axuda por valor de 55.000€ para a renovación da iluminación do campo de fútbol Penedo Redondo, no marco do terceiro Plan Extraordinario de Infraes-

truturas Deportivas PEID. Con esta nova achega conseguírase un aforro enerxético do 62% respecto ao actual, ademais de mellorar as condicións de iluminación e visibilidade no campo.

## Nova directiva de ACISA

A Asociación de Comerciantes e Industriais de Salceda de Caselas (ACISA) estrea xunta directiva, composta por sete mulleres e presidida por Marga Soto.

A nova directiva mantivo a súa primeira reunión co goberno local para establecer liñas de traballo conxuntas e reforzar a colaboración institucional. Ambas as partes coinciden en que "un pobo con comercio é un pobo vivo", polo que traballarán de

maneira coordinada en campañas vinculadas a datas sinaladas como o Día do Pai ou da Nai, así como en iniciativas como a feira do libro, as feiras de oportunidades e a participación de ACISA en eventos municipais como a Corre X Salceda, a San Silvestre ou o concurso de escaparates de Nadal. Tamén prevén poñer en marcha proxectos de colaboración cos centros educativos, participando en campañas como a das Letras Galegas.



## A rapazada do CEIP O Pombal abre o camiño para a “Primavera das Letras”

O alumnado do CEIP O Pombal de Vigo actuou na presentación da última edición de Primavera das Letras, o proxecto da Real Academia Galega para a rapazada, que este ano ten como propósito achegar o público máis novo a Begoña Caamaño (Vigo, 1964 - Santiago de Compostela, 2014), a figura literaria homenaxeada co Día das Letras Galegas 2026.

No acto de presentación estiveron presentes o presidenta da RAG, Henrique Monteagudo; Fina Casalderrey, coordinadora deste proxecto que se desenvolve desde 2016 co apoio da Deputación da Coruña; o CEIP O Pombal, Daniel



García; e Beatriz Caamaño, en nome da familia da homenaxeada, entre outras personalidades.

Pero os grandes protagonistas da festa da Primavera das Letras foron os nenos e nenas encargados

de levar á escena unha representación inspirada nos primeiros compases de Uuu-uuu, BEGOÑA! (Teatro para a infancia cun LANZAMENTO, tres LANCES e un DESENLANCE),

## Un 8M contra o fascismo, a prostitución e a guerra



Vigo e Santiago de Compostela lideraron as manifestacións feministas nos actos do Día da Muller este 8 de Marzo. As rúas viguesas concentraron ata 15.000 persoas convo-

cadadas por diversos colectivos para berrar contra o fascismo, a prostitución e a guerra, sen desestimar reivindicacións históricas como as melloras salariais e laborais e o fin da discriminación de xénero.

## A transformación urbana da ETEA

O delegado do Estado na Zona Franca de Vigo, David Regades, e o alcalde de Vigo, Abel Caballero, subscribiron o convenio que supoñerá a transformación urbana da antiga Escola de Transmisións da Armada (ETEA) A Zona Franca investirá 15,2M€ para este proxecto estratéxico.

O convenio estipula a cesión do Concello a Zona Franca do ámbito PS-1 para que o Consorcio execute, con financiamento da Xunta, a urbanización interior e o proxecto de accesos á zona coa conexión co vial de acceso e per-



corridos peonís. O Concello tamén cederá ao Consorcio por 75 anos o subsolo da Praza de Armas onde

se construíra o aparcamento subterráneo, obra que será financiada por Zona Franca.

## 20 anos de irmandamento entre A Coruña e Cádiz



Alcadesa coruñesa Inés Rey e o seu homólogo gaditano Bruno García mantiveron unha reunión de traballo reforzar a cooperación entre ambas cidades coincidindo co 20º aniversario do seu irmandamento.

Durante a xuntanza, ambos rexedores abordaron liñas de colaboración para a coordinación do centenario do buque escola Juan Sebastián de Elcano, que se celebrará no ano 2027 con escala en ambas cidades

# PFC Condado

**+55**  
Pompas Fúnebres del Condado  
2019-2024

*Gracias*

TANATORIO ARBO

TANATORIO PONTEAREAS

TANATORIO TUI

TANATORIO TOMIÑO